



AXUDAS LIBROS DE TEXTO e MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-2024

ALUMNADO 1º e 2º DE PRIMARIA

- **Lexislación aplicable.**- Orde do 10 de maio de 2023 (DOG do 19 de maio).
- **Beneficiarios.**- Pai, nai ou representante legal do alumnado matriculado no próximo curso escolar 2023/2024 en 1º e 2º de Primaria.
- **Finalidade.**- A finalidade das axudas é a **adquisición de libros de texto e material escolar** (cada concepto con cargo ao seu vale).
- **Devolución dos libros.**- Está excluído desta obriga o alumnado de 1º e 2º de primaria.

<i>Prazo de presentación solicitudes</i>	<i>Forma de presentación solicitudes</i>
<ul style="list-style-type: none">● Do 20 de maio ao 21 de xuño (incluídos).	<ul style="list-style-type: none">● Nas oficinas do Centro: de 10:00 ás 13 horas.● Na Sede Electrónica da Xunta de Galicia: procedemento ED330B, que enlazará coa Aplicación Fondolibros.
<ul style="list-style-type: none">● A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023-24.● As solicitudes entregaranse debidamente cubertas e asinadas xunto coa totalidade da documentación que corresponda.	

Documentación a presentar

Impreso de solicitude (Anexo I-II) debidamente cuberto e firmado polo pai, nai ou titor legal. Xúntase este anexo. Dispoñen deste impreso (e máis información) en www.colexiojaimebalmes.com. **Un único impreso é válido para solicitar as dúas axudas (libros de texto e material escolar).**

Acreditarase a situación familiar a 31 de decembro de 2021 agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, nos que se aplicará o disposto na lexislación específica.

Axudas libros de texto	Axudas material escolar
Renda per cápita familiar ata 6.000 €: 240 € . Renda per cápita familiar desde 6.000 ata 10.000 €: 160 € .	Renda per cápita familiar ata 6.000 €: 75 €

● **Vales.**- O Centro entregarlles aos solicitantes un vale co que poderán adquirir libros de texto e outro para material escolar.

● **Librería Colexio.**- A librería do Colexio facilítalle os libros igualmente e, co obxectivo de facer máis accesible o pago ás familias, **este poderase fraccionar ata en 4 prazos.**

Noia, a 22 de maio de 2023.

DIRECCIÓN.



FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-2024

ALUMNADO 3º a 6º DE PRIMARIA e 1º a 4º DE ESO

- **Lexislación aplicable.**- Orde do 10 de MAIO de 2022 (DOG do 19 de maio).
- **Beneficiarios.**- Poderán presentar a solicitude o pai, nai ou representante legal do alumnado matriculado ou que se vaia matricular no curso escolar 2023/2024 en 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.
- **Devolución dos libros.**- O alumnado ten a obriga de conservar en bo estado os libros de texto recibidos do fondo solidario, así como incorporalos, ao rematar o curso escolar 2023/2024 ao fondo solidario constituído no centro.
- **Entrega dos libros aos beneficiarios.**- O centro entregará os libros ao inicio do curso tanto en Primaria como en ESO.

Prazo de presentación solicitudes	Forma de presentación solicitudes
<ul style="list-style-type: none">● Do 20 de maio ao 21 de xuño (incluídos).● Alumnos que repitan 4º de ESO, cando non tivesen presentado solicitude de axuda para adquirir libros e material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.	<ul style="list-style-type: none">● Nas oficinas do Centro: de 10:00 ás 13 horas.● Na Sede Electrónica da Xunta de Galicia: procedemento ED330B, que enlazará coa Aplicación Fondolibros.
<ul style="list-style-type: none">● A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023-24.● As solicitudes entregaranse debidamente cubertas e asinadas xunto coa totalidade da documentación que corresponda.	

Documentación a presentar
<p>Impreso de solicitude (Anexo I-II) debidamente cuberto e firmado polo pai, nai ou titor legal. Xúntase este anexo. Dispoñen deste impreso (e máis información) en www.colexiojaimebalmes.com. Un único impreso é válido para solicitar as dúas axudas (libros de texto e material escolar).</p> <p>Acreditarase a situación familiar a 31 de decembro de 2021 agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, nos que se aplicará o disposto na lexislación específica.</p>

Axudas libros alumnado Primaria e ESO	Axudas material escolar Primaria e ESO
Renda per cápita familiar ata 6.000 €: 6 libros. Renda per cápita familiar desde 6.000 ata 10.000 €: 4 libros.	Renda per cápita familiar ata 6.000 €: 75 €

- **Vales.**- O Centro entregaralles aos solicitantes un vale co que poderán adquirir material escolar.
 - **Librería Colexio.**- A librería do Colexio facilítalle os libros igualmente e, co obxectivo de facer máis accesible o pago ás familias, **este poderase fraccionar ata en 4 prazos.**
- Noia, a 22 de maio de 2023.

DIRECCIÓN.